

# O ENTROIDO

O **entroido**, **antroido** ou **carnaval** é unha festa de carácter tradicional que se celebra entre os meses de febreiro e marzo, coincidindo co período inmediatamente anterior á *Coresma* (tempo de xaxún de 40 días anteriores á Pascua, conforme o calendario cristián).

O Entroido celébrase tamén en Galiza con características particulares, con disfraces e esmorgas moi diferenciadas entre diversas poboacións: son coñecidos os antroidos de *Xinzo de Limia*, *Laza*, *Verín*, *Vila de Cruces*, *A Estrada*, *Vilaboa* e outros moitos, algúns dos cales están cualificados de *acontecemento turístico nacional* polo Ministerio de Turismo.



*Cigarrón no entroido de Verín*

## Entroido ou carnaval

A palabra **entroido** deriva do latín **introitus**, que significa "entrada" ou "comezo" da primavera e do rexurdimento da vexetación. Na zona norte de Galiza emprégase **antroido**, como no antroido ribadense e na zona da Fonsagrada, incluso Monforte de Lemos e Viana do Bolo, mentres que no sur é máis frecuente **entroido**. A palabra aparece citada desde o século XIII<sup>[1]</sup>. O entroido coñécese tamén como **carnaval** (vid. infra), que tamén é un termo galego, ou co francés **mardi gras**, literalmente "martes graxo" (derivado de graxa, touciño). Nalgúns países onde o entroido desapareceu por presión eclesiástica ou policial, cando foi recuperado utilizouse o termo "carnaval" (así no Brasil<sup>[2]</sup>). Tamén é carnaval o termo correcto para festas similares celebradas fóra dos días anteriores á Coresma, como os carnavais de verán.

## Orixe da palabra carnaval

A palabra vén do italiano *carnevale*, que ten como orixe, segundo a maioría dos etimoloxistas modernos<sup>[3]</sup> o latín vulgar *carne-levare*, que significaba "abandonar a carne" (o cal xustamente era a prescrición obrigatoria para todo o pobo durante todos os venres da Coresma). Noutras zonas, como en Cataluña ou España as denominacións populares de *carnestoltes* ou *carnestolendas*, respectivamente, parecen indicar que esta é a opción etimolóxica máis sensata (do latín *tolere*, retirar).

Posteriormente xurdiu outra etimoloxía manexada no ámbito popular: a palabra italiana **carnevale** significaría que durante a época do carnaval a "carne vale", ou sexa que se pode comer. Tamén se propón outra etimoloxía sen fundamento que provén da expresión latina *carrus navalis*, ou sexa unha carroza decorada que posiblemente saíse en desfile durante estas datas. Pero a fins do século XX varios autores comezaron a sospeitar a orixe pagá do nome. Carna é a deusa celta das fabas e o touciño. Tamén estaría conectada con festas indoeuropeas, dedicadas ao deus Karna (que no Mahabhárata aparece como un ser humano, irmán maior dos Pándavas, fillo do deus do Sol e a raíña Kuntí).

## Calendario

O entroido, ao variar conforme a Pascua e a Coresma, non ten datas fixas. O martes de antroido adoita coincidir en febreiro ou nos primeiros días de marzo, pero as celebracións relacionadas poden comezar xa en xaneiro.

É o que se coñece como ciclo do entroido e que ten nas diferentes vilas de Galiza distintas extensións. Tense tomado como referencia o entroido de Xinzo como o máis longo, se ben a súa distribución en cinco semanas é común a boa parte das comarcas centrais ourensás, como Maceda.

As súas datas fundamentais, por orde, son:

- Domingo fareleiro
- Domingo oleiro
- Xoves de compadres
- Domingo corredoiro
- Xoves de comadres
- Domingo de antroido
- Luns de antroido
- Martes de antroido
- Mércores de cinza
- Domingo de piñata

Non en todas as vilas se conservan ou existiron nunca todas estas festividades. Ademais, aínda que os días grandes adoitan ser o domingo e o martes de antroido, noutras localidades, como Laza, a data referencial é o luns de antroido.

## As máscaras

As **máscaras** do antroido galego presentan, segundo as zonas e comarcas, trazos diferentes. Podemos distinguir dous grandes grupos:

- As máscaras ourensás, que pertencen aos antroidos dun arco de vilas que nace en Maceda e Allariz, esténdese polo sur da provincia e remonta polo leste ata chegar á Ribeira Sacra. Son, habitualmente,

máscaras coloristas que cobren a cara, realizadas moitas delas en madeira e que teñen como misión meter medo, asustar, bater nos veciños ou escorrentalos. Aínda que ás veces van en grupo, a súa presenza é habitualmente individual. Entre elas están os cigarróns de Verín, os peliqueiros de Laza, os felos de Maceda, os boteiros de Vilariño de Conso, de Manzaneda e de Viana do Bolo, os irrios de Castro Caldelas, as charrúas de Allariz, as pantallas de Xinzo, os vergalleiros de Sarreaus, os murrieiros da Teixeira, os troteiros de Bande, os vellarróns de Riós, etc.

- As máscaras da zona atlántica, nunha zona non continua que vai dende Cangas e Vilaboa ao sur ata as comarcas do Deza e o val do Ulla. Son traxes tamén coloristas, pero que frecuentemente deixan o rostro descuberto. Neles o traballo individual de elaboración do vestido é importante, pero máis o é a *performance*, que adoita ser colectiva. É o caso dos xenerais de Deza e de Ulla, as damas e galáns de Cangas e Vilaboa e as madamitas e madamitos do entroido de Cotobade.

Tamén existen outros costumes:

- Mecos bonitos e mecos feos de Froxás das Viñas.
- Volantes da Ribeira do Miño (Parroquias de Santiago de Arriba, San Pedro, Camporramiro e Nogueira).
- O Oso de Salcedo, en Salcedo (A Pobra do Brollón).
- O merdeiro en Vigo.
- O Os felos en Maceda.



*Boteiro, Vilariño de Conso*

## **Cigarrón**

Chámase **cigarrón** a máscara característica do entroido de **Verín**.

## **Características**

A máscara vai coa cabeza cuberta con carauta de madeira pintada de cores rechamantes, que se prolonga nunha especie de mitra de metal cun motivo zodíaco (león, lobo, boi). Detrás leva unha pelica de can, noutro tempo de gato montés, raposo ou lobo. Desta pelica venlle o nome de peliqueiro que se lle dá en **Laza**.

O traxe está composto por:

- Unha camisola branca, gravata e unha chaquetiña curta da que colgan flocos dourados que van atados con lazos de tres cores.
- Sobor dos ombreiros unha panoleta despurundada á chaqueta.
- Unha gran faixa vermella enrolada á cintura suxeita o pantalón, quizais a parte máis traballosa do traxe. Enriba da faixa vai o cinturón do que colgan as chocas. As pernas do cigarrón van cubertas con medias brancas e ligas.

Zapatos mouros e un mallo na man completan o atuendo deste personaxe típico do entroido de Verín.

## Peliqueiro

Chámase **peliqueiro** (ou piliqueiro) a máscara característica do entroido de Laza.

## Descrición da máscara

A máscara vai coa cabeza cuberta con carauta de madeira pintada de cores rechamantes, que se prolonga nunha especie de mitra de metal cun motivo zodárico (león, lobo, boi). Detrás leva unha pelica de can, noutro tempo de gato montés, raposo ou lobo. Desta pelica venlle o nome de **peliqueiro** que se lle dá en Laza.

O traxe está composto por unha camisola branca, gravata e unha chaquetiña curta da que colgan flocos dourados que van atados con lazos de tres cores. Sobor dos ombreiros vai un pano despurundado á chaqueta.

Unha gran faixa vermella envolta á cintura suxeita o pantalón, quizais a parte máis traballosa do traxe. Enriba da faixa vai o cinturón do que colgan as chocas. As pernas do cigarrón van cubertas con medias brancas e ligas. Zapatos mouros e un mallo na man completan o atuendo deste personaxe típico do entroido de Laza.

## Orixe

O entroido de Laza sitúase entre os dez máis antigos do mundo, e existen diversas teorías sobre a orixe do entroido desta localidade ourensá:

1.- Algúns etnógrafos relaciónano coa máscara chamada "Morena", que é outro dos elementos do Entroido lazano e que consiste nunha cabeza de vaca feita de madeira, simulando un animal bovino, que roma contra as mulleres, coa máscara que saía en Roma nas Kalendas de marzo. Contra ela escribiu San Paciano no século IV o libro "Cervus ou Kerbos", e foi vituperada por San Eloi nun sermón do século VII. Di Xesús Taboada que se pode vencellar con pinturas prehistóricas que supóñense cerimoniais teriolátricos; máscaras híbridas, como o feiticeiro da Cova dos "Trois Freres".

2.- Outros autores fixan a orixe do Entroido nas Saturnais que se celebran na Roma antiga, nas que os señores se vestían coa roupa dos escravos e estes pola contra gozaban de liberdade. Tamén se ten atopado relación co deus grego Dioniso, deus dos

praceres, e que coa chegada do cristianismo perdeu a súa condición simbólica e máxica.

3.- Outros autores atópanlle relación cos celtas debido, entre outras cousas, a que antigamente os debuxos das caretas dos peliqueiros estaban relacionados co sol, coa lúa e coas estrelas. Aínda hoxe se pode ver algunha con estas características. De feito, antes o logotipo do concello de Laza era unha careta de peliqueiro cos debuxos do sol, da lúa e das estrelas. Por iso e segundo algúns autores, esta simboloxía podería ser anterior ós romanos, atopándolle unha procedencia celta, pois os castrexos adoraban as forzas da natureza, ou talvez anterior; aínda que, cronoloxicamente, máis tarde se romanizara. Isto ten certo sentido pois segundo Paúl Yacostal, na súa obra *Early Celtic art* fala do Cheshire Stail coma unha das fases da arte celta. Chámalle así polo achado dunhas máscaras que lembran ó sorriso burlón idéntico ó do gato de Cheshire, un dos personaxes que aparece no conto de *Alicia no país das marabillas*. A careta do peliqueiro tamén posúe o sorriso burlón idéntico ó do gato de Cheshire.

4.- Segundo outros autores a orixe do entroido está nas Lupercais romanas que se celebraban 14 días antes das calendas de marzo. Conta a lenda que atopándose Rómulo no monte do capitolio, cerca da cova Lunaria onde lle dera leite unha loba, decatouse de que se lle perdera o gando que estaba pacendo. Desesperado, pediulle axuda ó deus fauno Luperco, protector das reses e da fertilidade. Despois de ofrecerlle un sacrificio, o deus ordenoulle correr espido na súa procura polo monte abaixo. Así Rómulo deu con el, e coa soa axuda dun pequeno látego de coiro, voltou a reunir o gando suficiente para continuar fundando o primeiro imperio de occidente. Esta é a orixe das festas Lupercais, que co paso dos séculos convertéronse nunha grandísima celebración orxiástica na que participaba todo o pobo o 15 de febreiro. O folión principiaba cando os mozos baixaban correndo do Capitolio batendo na xente cunha badana. As similitudes entre os mozos romanos e os peliqueiros lázanos é clara, sobre todo tendo en conta a forte romanización que afectou á Gallaecia. Os peliqueiros conservan a pelica que antes era de gato e agora é sintética para cubrirse. A súas máscaras, dende tempos inmemoriais que se remontan á dominación romana, están vencelladas ós animais totémicos que coinciden cos sacrificados nas festas das Lupercais: os cánidos (lobo, raposa ou can) e os cápridos (cabra, aña ou carneiro).

Porén, Xosé Ramón Mariño Ferro, profesor de Antropoloxía social da Universidade de Santiago, descarta a pretendida orixe pagana do Entroido considerando que esta festa ten as súas raíces no cristianismo e que se trata dunha creación puramente medieval. Afirmo que os curas identifican carnalidade e sexualidade co mundo pagán, pero en realidade é de creación medieval pois todos os disfraces teñen claramente un significado dentro da cultura medieval. (Actualmente, en Laza, algúns homes tamén andan espidos pola praza da Picota os días de Entroido).

5.- Existe tamén outra opinión, moi estendida, de que a figura principal do Entroido de Laza “o peliqueiro” nace cos recadadores de contribucións do Condado de Monterrei (século XV). Esta teoría non ten fundamento ningún e así o aseguran Rafael Somoza no seu libro *El carnaval de Laza* di: "Como se explicaría que o Entroido nacera co Condado de Monterrei coa cantidade de coincidencias na indumentaria, que serían unha

repetición, nada menos, que da empregada non xa polos gregos e romanos senón polos celtas, hai máis de vinte séculos no tempo?".

Luís Cougil, tamén contradí esta teoría asegurando que o látigo para fustigar ritualmente, a representación de animais totémicos na máscara e o revestimento de pel, teñen unha orixe bastante anterior á época medieval, e está estreitamente ligado este personaxe cos demais elementos que conforman o Entroido lazano, en canto as súas posibles orixes.

Con todo isto cabe pensar que a orixe do Entroido pérdese na noite dos tempos, constituíndo unha festa na que os ritos e manifestacións de orixe arcaica se misturan na época romana con outros de tipo social que perviven ata a Idade Media durante a que se lles infire un sentido cristián e así queda formando parte do ciclo litúrxico cristián, como “carnestolendas” ou despido honroso das carnes ante o comezo da coresma. De tódolos xeitos, e copiando ao escritor Caro Baroja, a esencia ou a orixe do Entroido non é o elemento máis importante para comprendelo, senón o estudo das características propias dos seus elementos así como a súa supervivencia a través dos avatares da historia.

## **Merdeiro**

O **merdeiro** é un personaxe do entroido vigués de carácter popular que remitiu nos anos 20 do século XX por medio de ordenanzas municipais que sen mentalos atacaban a súa figura.

Vestirse no entroido de merdeiro era un costume típico entre os mariñeiros da ribeira viguesa. O seu obxectivo era incordiar á xente na época do entroido, restregando indiscriminadamente ás súas vítimas con restos de peixes apodrecidos. O motivo da creación desta figura foi a xenreira existente entre mariñeiros e labregos. A vestimenta era á imitación dos escabicheiros, (persoas do rural que collían os escabiches e baleiraban os pozos negros da cidade para abonar as súas veigas), esaxerando os elementos do traxe e apeiros máis significativos: o pucho, os símbolos e o farol.

## **O merdeiro na tradición escrita**

A súa existencia queda reflectida na prensa de finais do século XIX e comezos do XX, e tamén por estudosos do folklore coma Vicente Risco ou Xaquín Lorenzo. No entroido de 2006 procurouse sentar a base teórica dun proxecto de recuperación desta figura, coa publicación dun libro sobre a súa figura e coa primeira saída á rúa dun grupo de merdeiros despois de máis de 80 anos.

Hai xa varios anos que a asociación cultural A Revolta decidiu recuperar pola súa conta a figura do merdeiro, a orixe deste personaxe hai que situalo no casco vello da cidade olívica. Os mariñeiros crearon ao merdeiro para ridiculizar os agricultores, especialmente aos escabicheiros. Estes, acudían frecuentemente dende as parroquias rurais ao porto pesqueiro do Berbés para recoller o peixe putrefacto co que aboaban

os seus campos. Este mesmo obxectivo facía que fosen os encargados de baleirar os pozos negros da cidade.

O enfrontamento entre os dous estilos de vida e a escatolóxica función que realizaban os escabicheiros levou os mariñeiros a ridiculizar os seus paisanos durante os días do carnaval. O merdeiro é un personaxe violento e mal encarado.

Corre, berra con ánimo de asustar e orixinalmente lanzaba peixe podre á xente coa que se cruzaba pola rúa. Vai armado cunha vara e adornado con vexetais, como verduras, cebolas, etcétera.

Os traxes foron confeccionados a partir dos estudos realizado a comezos de século por Vicente Risco e Xaquín Lorenzo, Xocas.

Na zona antiga di Xerardo Fernández Santomé que as violentas andanzas do merdeiro provocaron que desaparecese progresivamente a comezos do século pasado.

Non obstante, é unha dos poucos exemplos que conserva o carnaval galego dunha máscara urbana, xa que as grandes estrelas desta carnal época adoitan situarse nas poboacións rurais.

Dende o seu resurximento, o merdeiro circunscribiu o seu ámbito de actuación ás rúas da zona antiga da cidade de Vigo. Nesta ocasión, a zona de actuación será a mesma, e está previsto que os grupos de merdeiros saia en diferentes momentos de mañá, domingo, e do próximo martes.

